

Acordo da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal da Laracha (expediente IN407A 2024/017-1)

Expediente: IN407A 2024/017-1

Solicitante/promotor: Hidroeléctrica de Laracha, SLU

Denominación: LMT, CT A Baiuca-Soandres e enlace coa RBT

Termo municipal: A Laracha

#### 1 Características técnicas:

Desconexión e desmontaxe (peche e desmantelamento) do CT tipo intemperie Baiuca-Soandres (expediente 29.716) de 50 kVA de potencia e relación de transformación 15/0,4-0,23 kV e de toda a súa aparelaxe de media e baixa tensión, actualmente instalado no apoio nº 49-21 de formigón tipo pórtico pertencente á arquitectura da LMT aos CCTT Riba e Baiuca (expediente IN407A 1999/162-1), que tamén será retirado da rede, no lugar da Baiuca.

Desmontaxe do treito de 34 metros de lonxitude en condutor tipo LA-56 da LMT aos CCTT Riba e Baiuca (expediente IN407A 1999/162-1) comprendido entre o apoio nº 49-20 de formigón tipo HV-400/11 e o apoio nº 49-21 no que se encontra instalado o CT Baiuca-Soandres por desmantelar.

Substitución do apoio nº 49-20 anterior polo novo apoio de formigón tipo FL-HV-1600/13-CR1-CA, no que se proxecta instalar un paso aéreo-soterrado (PA/S) dotado de xogo de pararraios autoválvulas.

Retensado do condutor tipo LA-56 (condutor existente), no treito de 65 metros de lonxitude da LMT aos CCTT Riba e Baiuca (expediente IN407A 1999/162-1) comprendido entre o apoio nº 49-19 de formigón tipo FL-HV-1600/13-CR1-CA e o apoio nº 49-20, unha vez substituído.

Instalación, en substitución do CT tipo intemperie Baiuca-Soandres por desmantelar, do novo CT prefabricado de formigón Baiuca-Soandres, de manobra exterior, de 50 kVA de potencia e relación de transformación 15/0,4-0,23 kV, cunha configuración de celas 2L+1P con illamento e corte en SF6, dotado do seu correspondente conxunto de dispositivos de protección e manobra e de cadro de baixa tensión con catro saídas, que se situará na parcela con referencia catastral 15042A086001260000KP sita no lugar da Baiuca.



Nova liña eléctrica de media tensión soterrada, a 20 kV (tensión de servizo: 15 kV), de 73 metros de lonxitude en condutor tipo RHZ1-20L 12/20 kV 3 (1 x 150 mm<sup>2</sup> Al), con orixe no novo paso aéreo-soterrado (PA/S) por instalar no novo apoio n° 49-20 proxectado e remate en cela de liña do novo CT prefabricado Baiuca-Soandres.

Instalación de dous circuítos soterrados de baixa tensión (RBTS), cun total de 103 metros de lonxitude en condutor tipo XZ1 0,6/1 kV 4 (1 x 240 mm<sup>2</sup> Al), con orixe no cadro de baixa tensión (CBT) do novo CT Baiuca-Soandres proxectado e remate nos acoplamentos coa rede aérea de baixa tensión (RBTA) existente proxectados nos pasos soterrado-aéreos (PS/A) por instalar en apoios de formigón tipo HV-630/13 e HV-400/9 existentes.

## 2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.



A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalaciones-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,  
Isidoro Martínez Arca  
Xefe territorial





ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados  
LMT, CT A Baiuca-Soandres e enlace coa RBT (A Laracha)

Parcela proxecto	Propietario/titular	Referencia catastral Natureza do terreo	Afección pleno dominio (LMT aérea - apoios)		LMTS (servidume de paso de enerxía eléctrica soterrada)		Afección pleno dominio (centro de transformación)		
			Nº do apoio	Superf. (m <sup>2</sup> )	Lonx.	Superf. (m <sup>2</sup> )	Superf. edificio (m <sup>2</sup> )	Beirarrúa (m <sup>2</sup> )	Acceso (m <sup>2</sup> )
1	María del Pilar García Silveira	15042A087000020000KB Prado	Novo apoio nº 49-20 (PA/S)	2	11	33			
2	Marisol Varela Guillermo e Amadeo Iglesias Mosquera	15042A086001260000KP Matogueira					11	18	52

